# ENCADERNACIÓN PARA MANAZAS

## MATERIAIS NECESARIOS PARA A REPARACIÓN DE LIBROS

# ANTES QUE NADA…

## UN POUCO DE VOCABULARIO

LOMBO



GARDAS



CUBERTAS

FITA MARCAPÁXINAS



CABEZADA





VINCOS

# MATERIAL DE MANUALIDADES

# PARA CORTAR

Tesoiras, coitelas e ata una guillotina, todo ben afiado.





# SUPERFICIE PARA CORTAR

Valería calquera cartón ou taboleiro, pero venden nas papelerías unhas "bases de corte" cuadriculadas que son moi agradecidas. Algo máis que A3 é o tamaño perfecto..



# PARA COSER



- Fío de algodón resistente, mellor se é encerado. Branco ou de cores, iso xa vai na creatividade do artista.

- Agullas de diferentes grosores. Hainas específicas de encadernación pero serven tamén as de costureira.



# MEDIR, MARCAR, SERRAR, RASPAR, DOBRAR

- Lapis.
- Regra e escuadra mellor metálicas.
- Serra para manualidades.
- Subela.
- Pregadeira.








# PEGAR

- Cola branca. Haina específica para encadernar, pero dan moi bo resultado tamén as de carpinteiro e manualidades.
- Brocha.

Spray adhesivo para montaxe, mellor reposicionable.

# VARIOS

- Agullas de tecer ou paus de brocheta, para marcar os vincos.
- Gomas elásticas.
- Un pouco de papel kraft, lápis, folios vellos, trapo, botes con auga...





# MATERIAL ESPECÍFICO PARA ENCADERNAR

# PRENSA

Temos esta preciosidade en AMILLO S.L por uns 140 €,
DE 38  X 14 centímetros útiles.















Pero sempre podemos ter un manitas cerca que nos faga unha máis económica. Convén que teña máis de 42 cm entre paus se queremos traballar con formatos A3.



# TARLATANA

Tea específica para montar os lombos dos libros cosidos. Podería substituírse por un tecido de algodón lixeiro, tipo venda.



# PAPEIS PARA AS GARDAS

Hai papeis tinguidos a man pensados para a encadernación tradicional, pero podemos usar cartolinas de cores, láminas recicladas, papeis texturados de debuxo...




# PAPEIS PARA AS CUBERTAS

Específicos ou reciclados. Valen papeis de empapelar, teas, bolsas comerciais ou calquera outro material resistente. A imaxinación ao poder!

# CARTÓN PARA TAPAS



Necesitamos cartón contracolado groso para as tapas ríxidas e fino para os libros de peto. En Ourense pódese mercar en tendas de maletas, como a da rúa Progreso. Podemos tamén aproveitar tapas de libros vellos.





# CABEZADAS

Para rematar os lombos de libros cosidos.

# FITA MARCAPÁXINAS



Para marcar o punto de lectura. Valerían cintas de mercería que non desfíen.

# PAPEL DE RESTAURACIÓN

Para reparar follas rotas e restaurar páxinas incompletas. Un rolo de Filmoplast e uns pregos de papel xaponés (haino de pegar ou de pasar o ferro) serán suficientes.



E OS LIBROS PARA REPARAR,
CLARO!

No IES de Celanova CEF
REPARAMOS OS LIBROS
a partir da aprendizaxe adquirida cun grupo de traballo formado polo seu equipo de biblioteca e adestrado por Marosa Vázquez Bahamonde.

PROVEDORES E MANITAS:
LIBRERÍA CONDE https://www.facebook.com/Librer%C3%ADa-Conde-239876346369069/
MIGUEL PÉREZ
FERRETERÍA DONIZ
AMILLO http://www.amillo.es/

Hospital de libros
Exemplar reparado na biblioteca do IES Celanova
DATA: ______________